

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E AGADIC A TRAVÉS DO CENTRO DRAMÁTICO GALEGO PARA A CESIÓN DE ESPAZOS DE PROGRAMACIÓN ESCÉNICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), **DECLARA:**

Que a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) formalizou coa Universidade de Santiago de Compostela o 30 de novembro de 2022 o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de doce meses dende a súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A cesión de espazos entre Agadic e a USC para a realización dos seguintes proxectos escénicos:

- 1- A produción "Shakespeare en Roma" que implica a cesión por parte da USC do uso do Salón Nobre de Fonseca para os ensaios representación do espectáculo.
- 2- O Festival Internacional de Teatro Universitario que implica a cesión por parte da Agadic do uso do Salón Teatro.
- 3- O Festival USCénica que implica a cesión por parte da Agadic do uso do Salón Teatro.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

1 – Que a USC no cumprimento dos fins que lle son propios de acordo cos seus Estatutos, a través da súa Vicerreitoría de Estudantes e Cultura, inclúe entre os seus obxectivos básicos o fomento e a difusión da cultura entre a sociedade e o pulo e acollemento de actividades intelectuais en calquera eido da cultura e do coñecemento, cunha significativa dedicación ás artes escénicas.

2 – Que A Agadic, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública autonómica. O obxecto da Agadic é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, a través da súa unidade de produción de teatro denominada Centro Dramático Galego (no sucesivo CDG),



integrado no Departamento de Producción Teatral da Axencia, produce espectáculos de teatro, ben directamente ou ben en réxime de coprodución con outras compañías e institucións, públicas ou privadas. Estes espectáculos son exhibidos en diversas salas xestionadas pola Agadic, así como en calquera outro espazo e/ou recinto escénico co que se estableza o oportuno acordo de exhibición.

3 – Que a USC e a Agadic, a través do CDG, queren promover actividades nos diferentes espazos de titularidade de xestión da Universidade (Pazo de Fonseca e facultades) e da Agadic, a través do CDG (Salón Teatro).

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Jacobo Sutil Nesta
Director da Agadic

